



Resolución da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se convoca a provisión en comisión de servizo de postos de traballo entre persoal funcionario dos corpos e escalas ao servizo da Administración de xustiza

A Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial (LOPX), regula no seu artigo 527.1º a provisión temporal de postos vacantes mediante a comisión de servizos entremetres non resulte posible a súa provisión definitiva mediante concurso de traslados.

O Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de Xustiza, ditado en desenvolvemento do previsto na lei orgánica do poder xudicial, regula no seu artigo 73 as comisións de servizo.

Así mesmo, e no exercicio das súas competencias, por parte da comunidade autónoma de Galicia ditouse a Resolución do 19 de decembro de 2025, da Dirección Xeral de xustiza, pola que se establecen criterios para a cobertura de postos de traballo mediante comisión de servizos no ámbito da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia.

Producida ou próxima a producirse a vacante, e apreciada a necesidade e idoneidade da cobertura mediante comisión de servizos, procede anunciar a convocatoria para a súa provisión de acordo co previsto no artigo 5 da Resolución do 19 de decembro de 2025, da Dirección Xeral de xustiza, pola que se establecen criterios para a cobertura de postos de traballo mediante comisión de servizos no ámbito da Administración de xustiza na Comunidade Autónoma de Galicia.

BASES DA CONVOCATORIA

Primeira. Solicitantes

Poderá participar o persoal funcionario de carreira con destino definitivo en calquera ámbito territorial e que estea en servizo activo no mesmo corpo do posto que se pretende prover, sempre que transcorrese un ano desde a toma de posesión do último posto de traballo obtido, ben por concurso de traslados, ben por ser persoal de novo ingreso.





O persoal funcionario que á data da publicación desta convocatoria estea desempeñando un posto en comisión de servizos ou substitución, poderá participar na convocatoria sempre que leve máis dun ano na comisión de servizos ou substitución respectiva.

Segunda. Postos de traballo ofertados

Os relacionados no Anexo I, coa indicación da causa da desocupación.

Terceira. Prazo e modo de presentación das solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes será de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria na intranet de xustiza (<http://intranet.xustiza.gal>) e mais na web da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (<https://cpxt.xunta.gal/xustiza/persoal/comisions-servizo>).

Todas as persoas solicitantes deberán completar obrigatoriamente a súa solicitude a través do formulario electrónico dispoñible na Oficina Virtual do Persoal da Administración de Xustiza (OPAX), no sitio web <http://opax.xunta.es> de conformidade co artigo 6 da Resolución do 19 de decembro de 2025.

Cuarta. Informe

Para cumprir co previsto no artigo 73 do Real decreto 1451/2005, do 7 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de ingreso, provisión de postos de traballo e promoción profesional do persoal funcionario ao servizo da Administración de Xustiza, as solicitudes irán acompañadas co informe, preceptivo e non vinculante, da persoa responsable do órgano, servizo ou unidade no que se atope destinado o persoal funcionario solicitante. No caso de que o órgano correspondente non emita informe, deberá acreditar que o solicitou.

Ademais, para o caso de que o destino da persoa solicitante radique fóra da Comunidade Autónoma de Galicia, esta deberá presentar, xunto coa solicitude, o informe favorable do Ministerio de Xustiza ou órgano competente da comunidade autónoma respectiva. De non ser posible, deberá presentar acreditación de que efectivamente o solicitou.





Quinta. Recursos

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante o director xeral de Xustiza no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente no prazo de dous meses. Ambos os dous prazos se contarán a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución na intranet de xustiza (<http://intranet.xustiza.gal>) e mais na web da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (<https://cpxt.xunta.gal/xustiza/persoal/comisions-servizo>).

O director xeral de Xustiza

José Tronchoni Albert

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

ANEXO I

Postos ofertados

Órgano xudicial da desocupación:	IMELGA. SUBDIRECCIÓN TERRITORIAL DE LUGO		
Código do posto:	XG9251820027001306.02		
Motivo da desocupación:	Vacante	Corpo:	MF

